

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 5 de marzo de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se procede a dar publicidade ás listaxes definitivas de persoas aspirantes a vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en diversas categorías sanitarias e de xestión e servizos, correspondentes ao proceso de incorporación de novos méritos e selección de novas persoas aspirantes, formalizado pola Resolución do 1 de abril de 2009 do citado centro directivo.

O proceso de incorporación de novos méritos polas persoas aspirantes xa inscritas e a selección de novas persoas aspirantes para vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde foi formalizado pola resolución deste centro directivo do 1 de abril de 2009 (DOG nº 73, do 17 de abril).

De conformidade coas atribucións conferidas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio (DOG nº 109, do 5 de xuño), polo que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 15 de xuño de 2009 (DOG nº 119, do 19 de xuño), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, esta Dirección de Recursos Humanos

RESOLVE:

Primeiro.-Darlle publicidade ás listaxes definitivas, de acordo co establecido na Norma Xeral 6.1.3 do Pacto sobre selección temporal (DOG nº 104, do 1 de xuño), e coa base oitava da resolución da convocatoria, unha vez rematado o proceso de baremación de méritos dos aspirantes inscritos nas categorías sanitarias e de xestión e servizos que se relacionan deseguido, todas elas de ámbito de área sanitaria:

- Persoal médico de familia.
- Persoal médico de urxencias hospitalarias.
- Pediatra.
- Odontólogo e odontóloga.
- Persoal de enfermaría (DUE).
- Matrón e matrona.
- Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría.
- Cociñeiro e cociñeira.

Segundo.-As listaxes definitivas estarán expostas nos tablerios de anuncios das direccións provinciais e das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, así como na páxina web do organismo (www.sergas.es).

Terceiro.-As persoas aspirantes na categoría de persoal de enfermaría (DUE) que figuren admitidas na condición de titular, na lista dunha área especial de enfermaría xunto a outra ou outras listas especiais (curta duración de urxencias de atención primaria e/ou curta duración de atención especializada), deberán optar por unha delas, mediante escrito formalizado perante a dirección provincial correspondente dentro do prazo de dez días contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta

resolución. De non formalizar a opción dentro do prazo, será mantido na lista da área especial de enfermaría, e dado de baixa na outra ou outras listas especiais, de ser o caso. Disporán do mesmo prazo aquelas persoas aspirantes que figuren admitidas como titular na lista especial de curta duración de urxencias de atención primaria e na lista especial de curta duración de atención especializada, de modo que, de non formalizar a opción por unha delas dentro do prazo indicado, serán mantidos como titulares na lista especial de curta duración de atención especializada, e serán dados de baixa na lista especial de curta duración de urxencias de atención primaria.

Cuarto.-As persoas aspirantes na categoría de técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría que figuren admitidas na condición de titular, na lista da área especial de saúde mental xunto á lista especial de curta duración de atención especializada, deberán optar por unha delas, mediante escrito formalizado perante a dirección provincial correspondente dentro do prazo de dez días contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución. De non formalizar a opción dentro do prazo, será mantido na lista da área especial de saúde mental, e dado de baixa na listaxe especial de curta duración de atención especializada.

Quinto.-As listaxes especiais derivadas do rexistro das opcións das persoas aspirantes, e de ser o caso, da aplicación dos criterios de asignación de oficio establecidos nos artigos terceiro e cuarto anteriores, serán publicados nos tablerios de anuncios das direccións provinciais e das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, así como na páxina web do organismo (www.sergas.es), logo de resolución desta Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

Sexto.-Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada perante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde (de ser o caso, recurso potestativo de reposición, polo que respecta ao persoal médico de urxencias hospitalarias), no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2010.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde

Anuncio do 22 de xaneiro de 2010, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Pontevedra, polo que se procede a dar publicidade á resolución da mesma data pola que se convoca, para vinculación temporal de interinidade, unha praza de facultativo especialista de área de Oftalmoloxía.

A Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Pontevedra, en virtude das competencias atribuídas